

Á Mesa da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a elaboración polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia, dun plan para analizar a desviación do aforro galego e impulsar medidas para a súa recuperación e mantemento, co fin de favorecer o seu destino para os sectores produtivos (10/PNC-002233, doc. núm. 28392)

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Facer un estudo sobre as condicións de funcionamento dos mercados financeiros en Galicia, e os impactos que nos mesmos tiveron os procesos de reestruturación bancaria que tiveron lugar en España nos últimos anos. Presentar e debater dito estudo no Parlamento.
2. Realizar un paquete de medidas de apoio a financiación dos sectores produtivos da comunidade autónoma, especialmente Pemes e autónomos, desenvolvidos de maneira coordinada entre o Igape e a AGAIN, que faciliten un acceso ao crédito con riscos compartidos entre axentes económicos privados e o ámbito público.
3. Desenvolver unha estratexia específica que permita o cumprimento nos niveis de execución do Igape e a AGAIN.”

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



Grupo Parlamentario
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/04/2018 16:39:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/04/2018 16:39:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:36
Nº Rexistro: 29722
Data envío: 19/04/2018 17:36:52.355

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, con número de rexistro **26723**, que será debatida na Comisión 3ª o vindeiro 20 de abril de 2018.

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

“5º) Levar a cabo a posta en marcha dun plan para evitar que con diñeiro público se financie a precariedade laboral da mocidade galega, de xeito que non se destinen recursos públicos a medidas de emprego xuvenil baseadas en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo etc. nin ás ETTS, e destinar eses fondos á inversión produtiva para a xeración de emprego, fomento de novos espazos de actividade e mellora das prestacións.

6º) Demandar do goberno central a derogación das reformas laborais por lesivas para a clase traballadora, en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 17:36
Nº Rexistro: 29722
Data envío: 19/04/2018 17:36:52.355

de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.”

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 17:27:52

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 17:27:56

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado José González Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego/**PNC-002257 (28611)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno Galego en relación coa prevención dos incendios forestais nas zonas próximas aos núcleos rurais e vivendas habitadas.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Impulsar un plan de actuación en faixas secundarias de xestión da biomasa cunha participación maioritaria na financiación desas actuacións pola Xunta de Galicia.
- 2.- Priorizar no plan de actuación o apoio financeiro para delimitar as faixas secundarias así como para que os propietarios realicen a limpeza dos montes sen que o seu coste exceda do que se estima un prezo xusto.
- 3.- Aplicar gradualmente o plan de actuación priorizando as actuacións nas parroquias de alta actividade incendiaria.
- 4.- Coordinarse coa FEGAMP e as Deputacións para que a implantación do plan de actuación poda realizarse antes de que comece o período de máximo risco.

Santiago de Compostela, 19 de Abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/04/2018 17:53:15

José González Vázquez na data 19/04/2018 17:53:53